



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE UN PROXECTO DE ORDENANZA:

ORDENANZA REGULADORA DO RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE LOUSAME.

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza, debe realizarse unha consulta pública, a través do portal web do Concello, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, fórmulase a seguinte consulta:

Prazo e lugar para facer chegar as opinións	Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos plantexados nesta consulta, durante 10 días hábiles , a contar dende a publicación deste anuncio. Lugar: 1) a través da sede electrónica , cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta na elaboración do texto normativo; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.
Problemas que se pretenden solucionar coa nova ordenanza.	Preténdese adoptar medidas para adecuar o réxime interior do P.A.I. á normativa en vigor, dando así satisfacción á cidadanía nas súas necesidades de coidado dos seus fillos
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	Resulta de especial relevancia para este Concello acometer esta aprobación normativa dado que a adaptación ás normas é unha necesidade para a óptima prestación do servizo do P.A.I.
Obxectivos da norma	É regular a prestación do servizo do P.A.I. do municipio de Lousame mediante a regulación do seu réxime interior de acordo a normativa vixente e aos criterios de inspección da Xunta de Galicia.
Posibles solucións alternativas,	Despois dun análise previo da situación,



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

regulatorias e non regulatorias

considérase que a derogación da actual ordenanza e a aprobación dunha nova é a mellor solución regulatoria posible para garantir o correcto desenvolvemento do servizo que presta o P.A.I.; non atopando outras solucións alternativas, para acadar o dito fin.

En Lousame, na data da sinatura dixital.

O alcalde.
Esteban Ares García.

PARTICIPACIÓN PÚBLICA EN PROXECTOS NORMATIVOS.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

REGULAMENTO DE VERTEDURA DE XURROS.